

VII CONCURSO DE TRABALLOS ACADÉMICOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO ÁNGELES ALVARIÑO

A Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña convoca o VII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño co obxecto de incentivar a realización de traballos TFG e TFM que inclúan a perspectiva de xénero, reforzando os valores igualitarios.

Esta sétima edición enmárcase dentro das accións promovidas desde a Oficina para a Igualdade de Xénero para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero a través do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

En concreto as que se refiren a:

- Reforzar e ampliar en materia de Educación, os valores igualitarios e a educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveles educativos, fomentando que os mesmos se aborden de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais). (Medida 3 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero).
- Incluír en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, o machismo, as condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, o valor da diversidade e a tolerancia. (Medida 4 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

ORZAMENTO

Para a concesión destes premios destinarase un total de 2360 euros con cargo á partida orzamentaria 0900440105-422D-6400018

BASES

1. Participantes

Poderán presentarse os traballos de fin de grao e de fin de mestrado defendidos no curso 2018/2019, en calquera das titulacións oficiais de grao e mestrado impartidas na UDC.

2. Documentación que se deberá presentar

- A solicitude que se inclúe como Anexo I debidamente cuberta.

- Un CD etiquetado co nome e apelidos da autora ou autor e a indicación TFG ou TFM segundo corresponda. Este CD deberá conter os seguintes arquivos:
 1. O traballo TFG ou TFM completo. Os arquivos deberán nomearse: TFG-apelido1-apelido2 ou TFM-apelido1-apelido2, segundo corresponda.
 2. Un resumo dun máximo de 500 palabras no que se explique como se introduce a perspectiva de xénero no traballo presentado. Nome do arquivo: Resumo-TFG-apelido1-apelido2 ou Resumo-TFM-apelido1-apelido2
 3. O DNI escaneado.

3. Lugar e prazo de presentación

A documentación entregárase, dirixida á Oficina para a Igualdade de Xénero, en calquera dos rexistros da UDC:

- Rexistro Xeral: Reitoría, A Maestranza 9, 15001 A Coruña.
- Rexistro Auxiliar de Elviña (Campus de A Zapateira): Local nº 1 (baixos) da Facultade de Ciencias no Campus da Zapateira, 15071 A Coruña.
- Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Apoio ao Estudo, campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

O prazo de presentación dos traballos permanecerá aberto desde o día da publicación desta convocatoria ata as 14 h do 30 de setembro de 2019.

4. Premios

O xurado seleccionará os 4 mellores traballos de cada modalidade, tendo en conta entre outros aspectos, a relevancia e orixinalidade da súa temática e das súas achegas, a calidade do traballo e a dificultade da súa realización. Nesta edición contéplase ademais dous premios especiais para TFG e TFM que destaquen na súa abordaxe das distintas formas de violencia contra as mulleres.

As contías dos premios serán as seguintes:

- Traballo de fin de grao: 295 €
- Traballo de fin de mestrado: 295 €

Os premios están suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas.

Se o xurado o estimase conveniente poderá deixar algúns ou todos os premios desertos. No primeiro caso a dotación correspondente a estes integrárase nas restantes categorías.

5. Xurado

O xurado estará presidido pola vicerreitora de Ferrol e Responsabilidade Social ou a persoa en quen delegue, e del formarán parte 3 membros do PDI como vogais xunto coa directora da Oficina para a Igualdade de Xénero que actuará como secretaria.

Os membros do xurado non poderán ter dirixido ou titorizado ningún dos traballos que se presenten ao concurso; é por iso que os nomes das persoas que se constitúen como vogais se darán a coñecer unha vez rematado o prazo de recepción de traballos, en virtude da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puideren suscitarse. A súa decisión será firme e inapelable.

A resolución do xurado darase a coñecer no mes de novembro.

A participación no VII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño comporta a aceptación expresa destas bases.

Ana Jesús López Díaz
Directora da Oficina para a Igualdade de Xénero
Ferrol, 5 de setembro de 2019


Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade da Coruña para o Desenvolvemento de Medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.



Oficina para a Igualdade de Xénero
Vicerreitoría do Campus de Ferrol
e Responsabilidade Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Xacobeo 2021



Anexo I

CONVOCATORIA DO VII CONCURSO DE TRABALLOS ACADÉMICOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO
“ANGELES ALVARIÑO”.

Nome:Apelidos:.....DNI:

Correo electrónico:.....Teléfono de contacto:.....

Dirección postal:.....

Modalidade:

Traballo fin de grao.....Traballo fin de mestrado.....

Titulación:.....Data de presentación.....

Título do traballo.....

Cualificación.....

Titor/a ou director/a do traballo.....

Enade.....de 2019

OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO.

Edif. de Servizos Administrativos . Campus de Esteiro, Ferrol



Oficina para a Igualdade de Xénero
Vicerreitoría do Campus de Ferrol
e Responsabilidade Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Xacobeo 2021

galicia

